cabo polos que participaron nas citadas campañas, contribuirá ás actividades das asociacións que os agrupan e elaborará unha lista de participantes na contenda para estudar posteriormente axudas nominais.

Disposición derradeira décima. *Xuramento ou promesa dos españois ante a bandeira de España.*

1. Os españois que o soliciten poderán manifestar o seu compromiso coa defensa de España, prestando o xuramento ou promesa ante a bandeira, coa seguinte fórmula:

«Españois! Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir a Constitución como norma fundamental do Estado, con lealdade a El-Rei, e se preciso for, entregar a vosa vida en defensa de España?» ao cal responderán: «Si, facémolo!»

2. O acto de xuramento ou promesa ante a bandeira celebrarase de forma similar á establecida no artigo 7.

3. O ministro de Defensa establecerá o procedemento para solicitar e exercer este dereito.

Disposición derradeira décimo primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.4.ª da Constitución.

Disposición derradeira décimo segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 19 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

# MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**19885** *ORDE EHA/3352/2007, do 19 de novembro, pola que se aproban o modelo 140, de solicitude do aboamento anticipado das deducións do imposto sobre a renda das persoas físicas por maternidade e por nacemento ou adopción, e o modelo 141, de solicitude do pagamento único por nacemento ou adopción de fillo, se determina o lugar, forma e prazo da súa presentación e se modifica a Orde do 27 de decembro de 1991, pola que se ditan instrucións verbo do réxime económico financeiro da Axencia Estatal de Administración Tributaria.* («BOE» 278, do 20-11-2007.)

O artigo 81 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio (en diante, Lei do imposto), regula a dedución por maternidade, en virtude da cal e a teor do establecido no punto 1 do citado artigo, as mulleres con fillos menores de tres anos con dereito á aplicación do mínimo por descendentes a que se refire o artigo 58 da citada lei, que realicen unha actividade por conta propia ou allea pola cal estean dadas de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade, poderán minorar a cota diferencial do imposto sobre a renda das persoas físicas ata en 1.200 euros anuais por cada fillo menor de tres anos.

Nos supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente, a dedución poderase practicar, con independencia da idade do menor, durante os tres anos seguintes á data de inscrición no Rexistro Civil. Cando a inscrición non sexa necesaria, a dedución poderase practicar durante os tres anos posteriores á data da resolución xudicial ou administrativa que a declare. En caso de falecemento da nai, ou cando a garda e custodia se atribúa de forma exclusiva ao pai ou, de ser o caso, a un titor, este terá dereito á práctica da dedución pendente, sempre que cumpra os requisitos previstos para ter dereito á súa aplicación.

O punto 2 do citado artigo 81 dispón que a dedución se calculará de forma proporcional ao número de meses en que se cumpran de forma simultánea os requisitos establecidos no punto 1 e terá como límite, para cada fillo, o importe íntegro sen bonificacións das cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e mutualidades devengadas en cada período impositivo con posterioridade ao nacemento ou adopción.

Pola súa banda, o punto 3 establece que se lle poderá solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria o aboamento da dedución de forma anticipada, e no 4 habilítase a norma regulamentaria para a regulación do procedemento e condicións para ter dereito á práctica da dedución, así como os supostos en que se poida solicitar de forma anticipada o aboamento desta.

En uso da referida habilitación normativa, o artigo 60 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo (en diante, Regulamento do imposto), dispón no seu punto 5, ordinal 1.º, que os contribuíntes con dereito á aplicación da dedución por maternidade poderán solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria o seu aboamento de forma anticipada por cada un dos meses en que estean dados de alta e cotizando no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade, con carácter xeral, durante un mínimo de quince días.

Polo que respecta á tramitación do aboamento anticipado da dedución, o ordinal 2.º deste mesmo punto habilita o ministro de Economía e Facenda para establecer o lugar, forma e prazo de presentación da solicitude do aboamento anticipado mensual da dedución, así como para determinar os casos en que a devandita solicitude se poderá formular por medios telemáticos ou telefónicos. A Axencia Estatal de Administración Tributaria, á vista da solicitude recibida e dos datos existentes no seu poder, aboará, se procede, de oficio e á conta do importe da dedución por maternidade, mediante transferencia bancaria, a cantidade mensual e sen rateos de 100 euros por cada fillo. Non obstante, cando concorran circunstancias que o xustifiquen, o ministro de Economía e Facenda poderá autorizar o aboamento por cheque cruzado ou nominativo.

Finalmente, o ordinal 3.º do comentado punto sinala que os contribuíntes con dereito ao aboamento anticipado da dedución por maternidade estarán obrigados a lle comunicar á Administración tributaria as variacións que afecten o seu aboamento anticipado, así como cando, por algunha causa ou circunstancia sobrevida, incumpran algún dos requisitos para a súa percepción. A comunicación efectuarase utilizando o modelo que, para estes efectos, aprobe o ministro de Economía e Facenda, quen

establecerá o lugar, forma e prazos de presentación, así como os casos en que a devandita comunicación se poida realizar por medios telemáticos ou telefónicos.

Por outra parte, a disposición derradeira primeira, dous da Lei 35/2007, do 15 de novembro, pola que se establece a dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas e a prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción, engadiu un novo artigo 81 bis á Lei 35/2006, do 28 de novembro, antes citada, no cal se establece unha dedución por nacemento ou adopción, en virtude da cal e a teor do establecido no punto 1 del citado artigo, os contribuíntes del citado imposto que cumpran os requisitos exixidos no artigo 2 da Lei 35/2007, que realicen unha actividade por conta propia ou allea pola cal estean dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade no momento do nacemento ou adopción, ou que obtivesen durante o período impositivo anterior rendementos ou ganancias de patrimonio, suxeitos a retención ou ingreso á conta, ou rendementos de actividades económicas polos cales se efectuasen os correspondentes pagamentos fraccionados, poderán minorar a cota diferencial do imposto sobre a renda das persoas físicas en 2.500 euros anuais por cada fillo nacido ou adoptado no período impositivo, podendo solicitarse o aboamento anticipado da mencionada dedución.

Así mesmo, a disposición derradeira segunda, dous da dita Lei 35/2007, engadiulle unha nova alínea d) ao artigo 181 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, na cal se establece unha prestación económica de pagamento único por nacemento ou adopción de fillo, cuxo importe, a teor do disposto no artigo 188 ter. da citada lei, ascende a 2.500 euros. Esta prestación económica, de acordo co establecido no artigo 188 bis da dita lei, establécese a favor das persoas que, cumprindo os requisitos do artigo 2 da Lei 35/2007, non teñan dereito á dedución no imposto sobre a renda das persoas físicas por nacemento ou adopción de fillo, anteriormente comentada.

Pola súa banda, o punto 3 do artigo 4 da Lei 35/2007 habilita o ministro de Economía e Facenda e o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para estableceren o procedemento e as condicións para ter dereito tanto á percepción de forma anticipada da dedución no imposto sobre a renda das persoas físicas como á prestación non contributiva da Seguridade Social.

A este respecto, o artigo 5 da Lei 35/2007 prevé que a competencia para a xestión e administración da prestación económica de pagamento único por nacemento ou adopción de fillo, incluída a resolución da reclamación previa á vía xudicial, poderá ser obxecto de delegación por parte do Instituto Nacional da Seguridade Social na Axencia Estatal de Administración Tributaria, cos efectos do artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e os requisitos, referidos aos órganos delegados, do punto cuarto da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Facendo uso da citada autorización legal, o Instituto Nacional da Seguridade Social delegou a referida competencia na Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante Resolución do 16 de novembro de 2007.

Débese, pois, en cumprimento dos comentados preceptos legais e regulamentarios, proceder á aprobación dos correspondentes modelos de solicitude do aboamento anticipado da dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas e da prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillo, así como o prazo para formular a correspondente solicitude e o procedemento para a súa tramitación e resolución. Así mesmo, a concorrencia nunha maioría dos beneficiarios das deducións por nacemento ou adopción e por maternidade, do dereito simultáneo a ambas as dúas deducións por razón dos mesmos fillos nacidos ou adoptados, aconsella aprobar un novo modelo 140 que lle permita ao beneficiario a solicitude conxunta do aboamento anticipado de ambas as dúas deducións.

Por último, ao ser a Axencia Estatal de Administración Tributaria, en virtude da encomenda de xestión efectuada o 19 de novembro de 2007 pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a encargada do pagamento da prestación económica da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillo, nesta orde modifícase o punto segundo da Orde do 27 de decembro de 1991, pola que se ditan instrucións verbo do réxime económico-financeiro da Axencia Estatal de Administración Tributaria, co obxecto de dar a axeitada cobertura xurídica á provisión de fondos pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para pagamentos distintos a aqueles que correspondan ás devolucións de natureza tributaria.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Aprobación dos modelos 140 e 141 e do sobre de retorno para a súa presentación.*

1. Apróbase o modelo 140 «Imposto sobre a renda das persoas físicas. Deducións por maternidade e por nacemento ou adopción. Solicitude do aboamento anticipado». O devandito modelo, que figura como anexo I desta orde, consta de dous exemplares: un para a Administración e outro para o interesado.

2. Apróbase o modelo 141 «Nacemento ou adopción de fillo. Solicitude do pagamento único». O devandito modelo, que figura como anexo II desta orde, consta de dous exemplares: un para a Administración e outro para o interesado.

3. Apróbase o sobre de retorno, no cal se deberá incluír o modelo 140 ou o modelo 141, en impreso, para a súa presentación. O devandito sobre figura no anexo III desta orde.

Artigo 2. *Utilización do modelo 140.*

1. Os contribuíntes con dereito á aplicación da dedución por maternidade a que se refire o artigo 81 da Lei do imposto que, cumprindo os requisitos establecidos para o efecto no artigo 60.5 do regulamento, desexen percibir o seu aboamento anticipado, deberán presentar a correspondente solicitude, axustada ao modelo 140 aprobado nesta orde, cubrindo os datos do devandito modelo que os afecten.

Unha vez presentada a solicitude de aboamento anticipado, non será preciso reiterar esta durante todo o período a que se teña dereito ao aboamento anticipado da dedución, salvo para comunicar as variacións sobrevidas posteriormente a que se refire o punto 3 deste artigo.

2. Os contribuíntes que, desexando percibir o aboamento anticipado da dedución por maternidade, conforme o previsto no punto 1 anterior, teñan así mesmo dereito á aplicación da dedución por nacemento ou adopción a que se refire o artigo 81 bis da Lei do imposto e desexen percibir tamén o aboamento anticipado desta, deberán presentar unha única solicitude, axustada ao modelo 140 aprobado nesta orde, cubrindo os datos do devandito modelo que o afecten.

3. Os contribuíntes acollidos ao aboamento anticipado da dedución por maternidade deberán utilizar o modelo 140 para lle comunicar á Administración tributaria calquera variación producida que afecte o cobramento mensual anticipado da citada dedución, así como, se é o caso, o incumprimento dalgún dos requisitos estableci-

dos para a súa percepción, cubrindo os datos que correspondan dos recollidos no citado modelo.

En particular, deberase utilizar o modelo 140 para a comunicación das seguintes variacións:

a) Falecemento do beneficiario ao aboamento anticipado da dedución.

b) Baixa do beneficiario na Seguridade Social ou mutualidade.

c) Cambio de residencia do beneficiario ao estranxeiro ou do resto do territorio español aos territorios históricos do País Vasco ou á Comunidade Foral de Navarra.

d) Renuncia do beneficiario ao cobramento anticipado da dedución.

e) Cambio de réxime da Seguridade Social ou mutualidade do beneficiario.

f) Baixa dalgúns dos fillos, para os efectos da dedución, por falecemento, por cesamento da convivencia con perda da garda e custodia, por obter rendas superiores a 8.000 euros.

Para estes efectos, non terá a consideración de variación e, en consecuencia, non se deberá proceder a comunicar a perda do dereito ao aboamento anticipado da dedución, cando o fillo cumpra tres anos ou, nos casos de adopción ou acollemento, cando transcorran tres anos desde a data de adopción ou acollemento.

De se ter que comunicar ao mesmo tempo a alta de novos fillos que outorguen dereito á dedución e a baixa dos que deixen de dar dereito a esta, por concorreren neles algunha das circunstancias sinaladas na alínea f) anterior, será necesaria a presentación de dous modelos 140, un para comunicar as altas e outro para comunicar as baixas.

Artigo 3. *Utilización do modelo 141.*

Deberán presentar o modelo 141 as seguintes persoas:

a) Os contribuíntes con dereito á dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas, prevista no artigo 81 bis da Lei do Imposto, que desexen solicitar o aboamento anticipado desta e non teñan dereito á dedución por maternidade a que se refire o artigo 81 da mesma lei ou ao aboamento anticipado desta, ou que, tendo dereito a este último, non o solicitasen.

b) As persoas a que se refire o artigo 2 da Lei 35/2007 que, por non teren dereito á dedución por nacemento ou adopción regulada no artigo 81 bis, sexan beneficiarias da prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillo a que se refiren os artigos 181 d) e 188 bis do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Artigo 4. *Prazo de presentación das solicitudes axustadas aos modelos 140 e 141 e da comunicación de variacións que afecten o cobramento mensual da dedución por maternidade.*

1. A solicitude do aboamento mensual anticipado da dedución por maternidade no imposto sobre a renda das persoas físicas, axustada ao modelo 140, deberase formular a partir do momento en que, cumpríndose os requisitos e condicións establecidos para o dereito á súa percepción, o contribuínte opte pola modalidade de aboamento anticipado desta. Cando as solicitudes sexan presentadas por varios contribuíntes en relación cun mesmo acollido ou tutelado, esta deberase presentar de forma simultánea.

2. A solicitude do aboamento anticipado da dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas ou da prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillo, axustada ao modelo 140 ou ao modelo 141, segundo proceda, poderase efectuar a partir da inscrición do nacemento ou adopción do descendente no Rexistro Civil.

3. A comunicación de calquera variación producida que afecte o cobramento anticipado da dedución por maternidade no imposto sobre a renda das persoas físicas, así como, de ser o caso, o incumprimento dalgún dos requisitos establecidos para a súa percepción, determinará a obriga de presentar o modelo 140 no prazo dos 15 días naturais seguintes a aquel en que se producise a variación ou o incumprimento de requisitos.

No suposto de que, con posterioridade á perda do dereito ao aboamento anticipado da dedución por maternidade no imposto sobre a renda das persoas físicas, se tivese dereito novamente a este e se desexase percibir desta forma o importe da dedución, deberase presentar unha nova solicitude axustada ao modelo 140.

Artigo 5. *Presentación en impreso dos modelos 140 e 141.*

1. A solicitude do aboamento anticipado mensual da dedución por maternidade no imposto sobre a renda das persoas físicas e, de ser o caso, a comunicación de variacións que afecten o citado cobramento mensual, así como a solicitude do aboamento anticipado da dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas ou da prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillo, formuladas nos modelos 140 ou 141 aprobados nesta orde, poderanse enviar por correo dirixido á Axencia Estatal de Administración Tributaria, apartado de correos FD número 30.000, delegación provincial, ou ben presentarse, mediante entrega directa, en calquera delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Sen prexuízo do anterior, o modelo 141 tamén poderá ser presentado nas oficinas do Instituto Nacional da Seguridade Social.

2. Os contribuíntes con dereito á aplicación da dedución por maternidade no imposto sobre a renda das persoas físicas respecto do mesmo menor acollido ou tutelado deberán presentar, en todo caso, as súas respectivas solicitudes de aboamento anticipado mensual de forma simultánea conforme o establecido neste artigo. Para tal efecto, as ditas solicitudes introduciranse neste sobre de retorno e irán xunto cun escrito dirixido ao administrador ou delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda, no cal se faga constar a devandita circunstancia, así como a data da resolución administrativa ou xudicial constitutiva do acollemento ou da adopción.

Artigo 6. *Presentación telefónica das solicitudes axustadas aos modelos 140 e 141.*

A solicitude de aboamento anticipado das deducións por maternidade e por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas, a comunicación de variacións que afecten o cobramento mensual da dedución por maternidade e a solicitude da prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillo poderanse formular mediante chamada ao Centro de Atención Telefónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, número 901 200 345. Para estes efectos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria adoptará as medidas de control precisas que permitan garantir a identidade da persoa que efectúa a solicitude ou, de ser o caso, a comunicación de variacións, mediante chamada telefónica, así como a conservación dunha ou outra.

Artigo 7. *Presentación telemática das solicitudes axustadas aos modelos 140 e 141.*

1. A presentación telemática da solicitude de aboamento anticipado das deducións por maternidade e por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas e da comunicación de variacións que afecten o cobramento mensual da dedución por maternidade, axustada ao modelo 140, poderá ser efectuada ben polo propio solicitante ou ben por un terceiro que actúe na súa representación, de acordo co establecido no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, polo que se desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios, e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e esténdese esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e doutros documentos tributarios.

2. A presentación telemática da solicitude da prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillo, axustada ao modelo 141, poderá ser efectuada ben polo propio solicitante ou ben por un terceiro que actúe na súa representación, de acordo co establecido no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, polo que se desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios, e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e esténdese esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e doutros documentos tributarios.

3. En ambos os casos, para a presentación telemática a través da internet das solicitudes ou comunicacións de variación a que se refiren os puntos 1 e 2 anteriores, o solicitante ou, de ser o caso, a persoa ou entidade autorizada, deberá dispor de número de identificación fiscal (NIF), previamente incluído na base de datos de identificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, e ter instalado no navegador un certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda ou calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, nos termos previstos na Orde HAC/1881/2003, do 12 de maio, pola que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

4. Os contribuíntes ou, de ser o caso, o presentador autorizado, poranse en comunicación coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet ou de calquera outra vía equivalente que permita a conexión, no enderezo http://www.agenciatributaria.es, e seleccionarán a opción correspondente ao modelo que vaia ser obxecto de presentación.

Os datos que se van transmitir serán os que corresponda cubrir do formulario que apareza en pantalla, axustado ao contido dos modelos 140 e 141 aprobados nesta orde, e para a súa transmisión deberase utilizar a sinatura dixital xerada polo correspondente certificado de usuario.

Se a solicitude ou comunicación de variacións é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolverá en pantalla os datos validados cun código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación.

O contribuínte ou, de ser o caso, o presentador deberá imprimir e conservar a solicitude ou a comunicación de variacións aceptada e debidamente validada co seu correspondente código electrónico.

Artigo 8. *Cesión do dereito ao cobramento do aboamento anticipado da dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas ou da prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillo.*

Para os efectos da cesión do dereito ao cobramento anticipado da dedución, nos termos previstos no artigo 81 bis.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, ou da cesión do dereito ao cobramento da prestación a que se refire o artigo 188 quinquies do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, unha vez que sexan recoñecidos estes, en ambos os dous casos, en favor do outro proxenitor ou adoptante que cumpra os requisitos establecidos no artigo 2 da Lei 35/2007, o solicitante deberase xuntar ao modelo 140 ou 141, segundo proceda, un escrito no cal, ademais da data e da súa sinatura, consten os seguintes datos:

a) Número de identificación fiscal, primeiro apelido, segundo apelido e nome do solicitante e do outro proxenitor ou adoptante a favor do cal se cede o dereito ao cobramento, unha vez que lle sexa recoñecido.

b) Se o proxenitor ou adoptante a favor do cal se cede o dereito ao cobramento fose estranxeiro, deberase indicar, ademais, o número de soporte que figura na parte superior dereita do documento de identificación de estranxeiros expedido polo Ministerio do Interior (permiso de residencia ou tarxeta de estranxeiro en réxime comunitario). Tratándose de nacionais doutros Estados membros da Unión Europea ou de Islandia, Noruega, Suíza ou Liechtenstein, indicarase a denominación do Estado do cal é nacional.

c) Identificación completa, axustada ao formato código conta cliente (CCC), da conta bancaria da cal sexa titular o proxenitor ou adoptante a favor do cal se cede o dereito ao cobramento.

Artigo 9. *Procedemento de tramitación e resolución das solicitudes axustadas aos modelos 140 e 141.*

1. A presentación da solicitude de aboamento anticipado das deducións por maternidade e por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas e da solicitude da prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillo, axustadas aos modelos 140 e 141, non requirirá que se lle xunte ningún documento xustificativo do cumprimento dos requisitos exixidos para o dereito á percepción do aboamento anticipado ou da prestación económica que corresponda, cuxa verificación será efectuada pola Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante o intercambio da información necesaria coas administracións públicas competentes en cada caso.

Non obstante, nos casos en que, efectuado o intercambio de información mencionado no parágrafo anterior, non se puidese constatar o cumprimento das condicións e circunstancias exixidas na Lei 35/2007, a Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá requirir do solicitante a achega, entre outros, dos seguintes documentos xustificativos:

a) Tratándose de persoas de nacionalidade española ou de estranxeiros que non teñan obriga de obter o permiso de residencia, o certificado de empadroamento que acredite a súa condición de residente en España.

b) Tratándose de estranxeiros que teñan obriga de obter o permiso de residencia, un certificado da Policía que acredite a súa data de obtención.

c) Libro de familia ou certificado en extracto da inscrición de filiación do nacido ou adoptado, expedido polo rexistro civil correspondente.

2. A resolución que dite a Axencia Estatal de Administración Tributaria, acordando ou denegando a solicitude, notificarase expresamente e conterá, entre outros elementos, a cualificación que se outorgue ao pagamento para os efectos do disposto no artigo 3 da Lei 35/2007, así como, se é o caso, os motivos da denegación.

3. No caso de solicitude do aboamento anticipado da dedución por maternidade no imposto sobre a renda das persoas físicas, a Axencia Estatal de Administración Tributaria, se procede, aboará de forma mensual e sen rateos, desde o mes correspondente á data de presentación da solicitude e, de ser o caso, desde o mes anterior, o importe de 100 euros por cada fillo que dea dereito á dedución. Non obstante, no suposto de existencia de varios contribuíntes con dereito ao aboamento anticipado da dedución respecto do mesmo acollido ou tutelado, o dito importe ratearase entre eles por partes iguais.

No caso de solicitude do aboamento anticipado da dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas ou da prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción, a Axencia Estatal de Administración Tributaria, se procede, aboará a cantidade de 2.500 euros, sen rateos, por cada fillo nacido ou adoptado polo cal o solicitante teña dereito á dedución ou á prestación.

O aboamento anticipado ou a prestación económica que corresponda efectuarase por transferencia bancaria á conta indicada polo contribuínte na súa solicitude. Non obstante, cando o contribuínte non teña conta aberta en entidade colaboradora ou concorra algunha outra circunstancia que o xustifique, farase constar o devandito extremo xuntándolle á solicitude escrito dirixido ao administrador ou delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda, quen, á vista deste e logo das pertinentes comprobacións, poderá autorizar o aboamento por cheque cruzado ou nominativo do Banco de España. Así mesmo, poderase ordenar a realización do aboamento mediante cheque cruzado ou nominativo do Banco de España cando este non se poida realizar por transferencia.

4. A revisión en vía administrativa das resolucións que teñan por obxecto o pagamento anticipado das deducións por maternidade e por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas rexerase polo establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e as súas normas de desenvolvemento.

A revisión das resolucións que teñan por obxecto a prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillo rexerase polo disposto no texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa.*

A partir da entrada en vigor desta orde queda derrogada a Orde HAC/16/2003, do 10 de xaneiro, pola que se aproba o modelo 140 de solicitude do aboamento anticipado da dedución por maternidade e de comunicación de variacións que afecten o pagamento anticipado da devandita dedución e se determina o lugar, forma e prazo de presentación deste.

Disposición transitoria única. *Comunicacións de nacemento ou adopción de fillos presentadas con anterioridade á entrada en vigor desta orde.*

De acordo co establecido na disposición transitoria única da Lei 35/2007, as comunicacións de nacemento ou adopción de fillos presentadas con anterioridade á entrada en vigor desta orde terán plena validez para os efectos do aboamento anticipado da dedución por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas ou da prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillos, sendo de aplicación a estas as normas de tramitación e resolución recollidas no artigo 9 desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde do 27 de decembro de 1991 pola que se ditan instrucións verbo do réxime económico-financeiro da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Modifícase o punto segundo, que queda redactado nos seguintes termos:

«Segundo. Devolucións de natureza tributaria e outros pagamentos que se encomenden ou deleguen na Axencia.

a) Os órganos competentes da Axencia efectuarán, conforme o disposto neste punto, o pagamento das devolucións de natureza tributaria recoñecidas por órganos da mesma Axencia ou por outros órganos da Administración do Estado, cando, neste último caso, non sexa realizado o pagamento pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, así como aqueles pagamentos cuxa administración sexa encomendada ou se delegue na Axencia Tributaria por outras administracións ou entes públicos.

b) Para tal fin, antes do 1 de xaneiro de cada ano, o presidente da Axencia aprobará e comunicará á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira un programa das cantidades que deberán ser destinadas cada mes do devandito ano a atender o pagamento de devolucións de natureza tributaria e outros pagamentos asumidos de acordo co parágrafo anterior.

Durante o transcurso do ano, o presidente da Axencia poderá modificar este programa e comunicar á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira as novas cantidades necesarias nos meses sucesivos para atender os devanditos pagamentos. A modificación do programa poderá ser realizada polo director adxunto de Administración Económica da Axencia cando, polo grao de execución do programa establecido, non supoña incrementar o seu importe global.

A Dirección Adxunta de Administración Económica da Axencia solicitaralle á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira a realización do pagamento extraorzamentario, como anticipo a favor da Axencia, da diferenza entre a cantidade que figure no programa para o mes e o remanente non aplicado da dotación á fin do mes anterior. O pagamento do montante total poderase distribuír en dous ou máis pagamentos que se realizarán no transcurso do mes a que se refire o anticipo polas cantidades e datas que na solicitude se establezan. Dentro de cada mes, o director xeral do Tesouro e Política Financeira ordenará e realizará os pagamentos nas datas indicadas na solicitude.

Non obstante, os importes destinados á realización de devolucións tributarias que a Axencia deba efectuar a favor de comunidades autónomas como consecuencia de axustes á recadación, e, de ser o caso, entregas á conta de tributos cedidos ou concertados, non formarán parte do programa de devolucións e outros pagamentos. Os devanditos importes, unha vez coñecida a súa contía, serán solicitados individualmente pola Dirección Adxunta de Administración Económica da Axencia e ordenados e pagados pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Os pagamentos realizados pola Axencia con cargo aos anticipos que se reciban da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira actualizarán a contabilidade da Administración xeral do Estado, producindo as anotacións contables que procedan, de conformidade cos procedementos que rexen o traspaso de información contable entre a Administración xeral do Estado e a Axencia Tributaria.

O importe destes mandamentos de pagamento aboarase por transferencia nunha conta corrente no

Banco de España da que será titular a Axencia, dentro da agrupación «Tesouro Público. Contas transitorias».

Esta conta só poderá admitir como ingresos as cantidades libradas pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para atender os pagamentos a que se refire este punto, así como os aboamentos correspondentes ás transferencias emitidas que non puidesen ser pagadas aos destinatarios e o importe dos cheques expedidos e anulados ou caducados polo transcurso do seu prazo de validez. Só poderá ser obxecto de cargo polas operacións necesarias para a realización destes mesmos pagamentos, sen prexuízo dos reintegros que procedan en favor do Tesouro Público.

c) Os pagamentos con cargo a esta conta efectuaranse mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizados coas sinaturas mancomunadas de dous funcionarios da Axencia.

Existirán dous funcionarios habilitados, así como outros tantos substitutos autorizados polo director xeral da Axencia, quen, ademais, poderá acordar a habilitación doutros funcionarios e o mesmo número de substitutos para dispoñer dos fondos da devandita conta cando a estrutura organizativa o faga aconsellable. As habilitacións anteriores deberán ser comunicadas ao Banco de España.

En ningún caso poderá actuar unha mesma persoa en substitución das dúas que deberán autorizar a disposición de fondos.

Xunto á conta anterior, existirá outra no Banco de España de titularidade da Axencia destinada a rexistrar a situación dos cheques de devolucións. O seu saldo reflectirá en cada momento o importe dos cheques pendentes de pagamento e non caducados nin anulados.

Os fondos situados nestas contas terán, en todo caso, o carácter de fondos públicos e formarán parte integrante da conta corrente do Tesouro Público.

d) A Axencia remitirá mensualmente á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira un resumo dos pagamentos no período, indicando o seu importe global e analizado por cada un dos conceptos extraorzamentarios ou do orzamento de ingresos a que se deban imputar, e a situación de Tesouraría referida ao último día do período.

e) O Banco de España facilitaralle diariamente por medios telemáticos á Axencia Tributaria información verbo dos pagamentos que non fosen percibidos polos destinatarios, reintegrando o seu importe na conta desta. A información distinguirá os pagamentos realizados por transferencias dos cheques anulados ou caducados polo transcurso do seu prazo de validez.

O novo pagamento poderase realizar por cheque ou transferencia, con independencia de cal fose o medio de pagamento da devolución retrocedida.

f) Os órganos competentes da Axencia levarán contabilidade auxiliar detallada, tanto das propostas de pagamento que se expidan coma dos pagamentos realizados, de acordo coa instrución de contabilidade dos tributos estatais aprobada para a Axencia.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos a partir do día 1 de xullo de 2007. Non obstante, a presentación telemática da solicitude de prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillo, axustada ao modelo 141, a que se refire o punto 2 do artigo 7 desta orde, non se poderá efectuar con anterioridade ao día 1 de xaneiro de 2008.

Madrid, 19 de novembro de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

Axencia Tributaria
Teléfono: 901 200 345
www.agenciatributaria.es

# Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas
# Deducións por Maternidade e por Nacemento ou Adopción
# Solicitude do aboamento anticipado

Modelo **140**

**Importante:** por medio deste modelo solicitarase o aboamento anticipado das deducións do IRPF por nacemento ou adopción de fillos e por maternidade. Para solicitar soamente o pagamento único por nacemento ou adopción de fillo, deberá presentarse o modelo 141.

## 1. Solicitante

(01) Núm. de identificación fiscal (NIF) (02) Primeiro apelido (03) Segundo apelido (04) Nome

**En caso de estranxeiros:** Número de soporte que figura na parte superior dereita do Documento de Identificación de Estranxeiros expedido polo Ministerio do Interior (Permiso de Residencia ou Tarxeta de Estranxeiro en Réxime Comunitario) ............ (05) E

**Se o pagamento mensual en concepto de aboamento anticipado da dedución por maternidade fose percibido anteriormente por outra persoa, consigne o NIF da/do anterior beneficiaria/o** ............ (12)

**Solicitude por persoa distinta da nai (pai, titor/a ...):** NIF da nai: (13) Data (día, mes e ano) de falecemento da nai ou dende a que ten Vde. atribuída de forma exclusiva a garda e custodia dos menores: (14)

**Teléfonos de contacto.** Co fin de axilizar a resolución das incidencias que puidesen xurdir na tramitación desta solicitude, sírvase consignar os números de teléfono nos que poida ser localizada/o en días e horas laborables. Teléfono 1.º (10) Teléfono 2.º (11)

## 2. Réxime da Seguridade Social ou mutualidade alternativa en que a/o solicitante figura de alta

**Seguridade Social:** consigne o seu número da Seguridade Social e marque cun "X" a casa correspondente ao réxime no que está en situación de alta.

Número de afiliación: (50) Réxime xeral (51) Réxime especial (52) Réxime especial dos funcionarios públicos (53) Indique a mutualidade de funcionarios (54)

**Mutualidade alternativa á Seguridade Social:** Número de mutualista: (55) Denominación da mutualidade: (56)

## 3. Fillos que dan dereito á dedución por maternidade e, se é o caso, á dedución por nacemento ou adopción

- Se este documento se presenta para solicitar por primeira vez o aboamento mensual anticipado da dedución por maternidade e, se é o caso, para solicitar o aboamento anticipado da dedución por nacemento ou adopción, consigne neste apartado os datos dos fillos menores de tres anos polos que teña Vde. dereito á primeira das citadas deducións, ou a ambas as dúas. Teña en conta que para os efectos da dedución por maternidade, os fillos adoptados e os acollidos se relacionarán neste apartado sempre que fosen menores de idade na data da súa adopción ou acollemento e transcorresen menos de tres anos dende esta data, a cal se fará constar na casa correspondente. Tratándose de fillos adoptados que fosen acollidos previamente, só se fará constar a data do acollemento.
- Se este documento se presenta para comunicar a alta ou a baixa dalgún fillo para os efectos do aboamento mensual anticipado da dedución por maternidade, consigne neste apartado unicamente os datos dos fillos os que afecte esta circunstancia.

**Fillo 1**

(20) NIF (de telo asignado) (21) Apelidos (22) Nome (23) Data de nacemento

(60) Inscrito no Rexistro Civil de: (61) Provincia de: (62) Tomo (63) Páxina Se é adoptado ou acollido: data da adopción ou acollemento ...... (24)

**Fillo 2**

(25) NIF (de telo asignado) (26) Apelidos (27) Nome (28) Data de nacemento

(64) Inscrito no Rexistro Civil de: (65) Provincia de: (66) Tomo (67) Páxina Se é adoptado ou acollido: data da adopción ou acollemento ...... (29)

## 4. Conta bancaria para o aboamento

Consigne os datos completos da conta bancaria da que sexa Vde. titular e na que desexe recibir por transferencia o aboamento mensual anticipado da dedución por maternidade e, se é o caso, o aboamento anticipado da dedución por nacemento ou adopción dos fillos que máis arriba se identifican.

**Código conta cliente (CCC)**

| Entidade | Sucursal | DC | Número de conta |
|---|---|---|---|
| | | | |

Se desexa cambiar de conta bancaria, consigne os datos da nova conta e marque cun "X" esta casa ............ (15)

## 5. Variacións para os efectos do aboamento mensual anticipado da dedución por maternidade

**Perda do dereito** da/do beneficiaria/o ao aboamento mensual anticipado da dedución por maternidade (por falecemento, por ter causado baixa na Seguridade Social ou mutualidade, por cambio de residencia ou por outra causa) **ou renuncia** da/do beneficiaria/o ao aboamento mensual anticipado ............ (80)

**Cambio de réxime da Seguridade Social ou mutualidade** da/do beneficiaria/o (neste caso, indique no apartado 2 os datos do novo réxime ou mutualidade) ............ (81)

**Baixa dalgún dos fillos** para os efectos da dedución por maternidade (por falecemento, por cesar a convivencia con perda da garda e custodia ou por obter rendas superiores a 8.000 euros) ............ (82)

Indique a data (día, mes e ano) na que se produciu a variación que se comunica ............ (83)

**Notas:** Se este documento se presenta para comunicar algunha das circunstancias ás que se refiren as cuadrículas 80 e 81, non se cubrirá ningún dato no apartado 3.
Se houbese que comunicar ao mesmo tempo a alta de novos fillos e a baixa dalgún dos anteriores (cuadrícula 82), cada unha das ditas variacións comunicarase nun exemplar distinto deste modelo.

## 6. Representante

(94) Núm. de identificación fiscal (NIF) (95) Apelidos e nome ou razón social

## 7. Data e sinatura

DECLARO que son certos os datos consignados no presente documento e AUTORIZO a Administración para que os meus datos de identificación e os das persoas relacionadas neste poidan ser consultados, cotexados e verificados, con garantía de confidencialidade no caso de acceso informatizado a estes datos.

Así mesmo, COMPROMÉTOME a comunicar calquera variación nos datos consignados neste documento que poida afectar o aboamento anticipado da dedución por maternidade.

Lugar e Data ____________________

Sinatura da/do solicitante ou do seu representante:

**Exemplar para o interesado**

ANEXO II

GOBERNO DE ESPAÑA

# Nacemento ou Adopción de Fillo Solicitude do Pagamento Único

Modelo **141**

## 1 Datos da solicitante e, se é o caso, do outro proxenitor ou adoptante

**● Datos da/do solicitante: a nai, o pai (en caso de falecemento da nai) ou o adoptante**

| Núm. de identificación fiscal (NIF) | Primeiro apelido | Segundo apelido | Nome |
|---|---|---|---|
| 01 | 02 | 03 | 04 |

**En caso de estranxeiros:** Número de soporte que figura na parte superior dereita do Documento de Identificación de Estranxeiros expedido polo Ministerio do Interior (Permiso de Residencia ou Tarxeta de Estranxeiro en Réxime Comunitario) ........................ 60 E

Se é nacional doutro Estado membro da Unión Europea, ou ben de Islandia, Noruega, Suíza ou Liechtenstein, consigne un "X" nesta casa ........ 05

**● Datos do outro proxenitor ou adoptante**

| Núm. de identificación fiscal (NIF) | Primeiro apelido | Segundo apelido | Nome |
|---|---|---|---|
| 06 | 07 | 08 | 09 |

**En caso de estranxeiros:** Número de soporte que figura na parte superior dereita do Documento de Identificación de Estranxeiros expedido polo Ministerio do Interior (Permiso de Residencia ou Tarxeta de Estranxeiro en Réxime Comunitario) ........................ 61 E

Se é nacional doutro Estado membro da Unión Europea, ou ben de Islandia, Noruega, Suíza ou Liechtenstein, consigne un "X" nesta casa ........ 62

**● Teléfonos de contacto da/do solicitante**

Teléfono 1.º ............................ 10 Teléfono 2.º ............................ 11

**● Domicilio da/do solicitante**

15 Tipo de vía | 16 Nome da vía pública

17 Tipo de numeración | 18 Número de casa | 19 Cualificador do número | 20 Bloque | 21 Portal | 22 Escaleira | 23 Planta | 24 Porta

25 Datos complementarios do domicilio | 26 Localidade / Poboación (se é distinta do municipio)

27 Cód. Postal | 28 Municipio | 29 Provincia

## 2 Identificación dos nenos nacidos ou adoptados a partir do día 1 de xullo de 2007

| | Primeiro apelido | Segundo apelido | Nome | Adoptado (1) | Data do nacemento ou adopción |
|---|---|---|---|---|---|
| Fillo 1º | 35 | 36 | 37 | 38 | 39 |
| Fillo 2º | 35 | 36 | 37 | 38 | 39 |
| Fillo 3º | 35 | 36 | 37 | 38 | 39 |

(1) Consigne un "X" se o fillo o é por adopción.

## 3 Inscrición no rexistro dos fillos nacidos ou adoptados a partir do día 1 de xullo de 2007

| | Rexistro Civil de: | Provincia de: | Tomo | Páxina |
|---|---|---|---|---|
| Fillo 1º | 44 | 45 | 46 | 47 |
| Fillo 2º | 44 | 45 | 46 | 47 |
| Fillo 3º | 44 | 45 | 46 | 47 |

## 4 Conta bancaria para o aboamento do Pagamento Único

Consigne os datos completos da conta bancaria da que sexa Vde. titular e na que desexe recibir por transferencia o importe do Pagamento Único polo nacemento ou adopción dos fillos que máis arriba se identifican.

**Código conta cliente (CCC)**

| Entidade | Sucursal | DC | Número de conta |
|---|---|---|---|
| | | | |

## 5 Representante

| Núm. de identificación fiscal (NIF) | Apelidos e nome ou razón social |
|---|---|
| 50 | 51 |

## 6 Data e sinatura da solicitude

DECLARO que son certos os datos consignados no presente documento e AUTORIZO a Administración para que os meus datos de identificación e os das persoas relacionadas neste poidan ser consultados, cotexados e verificados, con garantía de confidencialidade no caso de acceso informatizado a estes datos.

Lugar e Data ______________________

Sinatura da/do solicitante ou do seu representante:

**Exemplar para a Administración**

GOBERNO DE ESPAÑA

# Nacemento ou Adopción de Fillo
# Solicitude do Pagamento Único

Modelo **141**

## 1 Datos da solicitante e, se é o caso, do outro proxenitor ou adoptante

**● Datos da/do solicitante: a nai, o pai (en caso de falecemento da nai) ou o adoptante**

| Núm. de identificación fiscal (NIF) | Primeiro apelido | Segundo apelido | Nome |
|---|---|---|---|
| 01 | 02 | 03 | 04 |

**En caso de estranxeiros:** Número de soporte que figura na parte superior dereita do Documento de Identificación de Estranxeiros expedido polo Ministerio do Interior (Permiso de Residencia ou Tarxeta de Estranxeiro en Réxime Comunitario) ....................... 60 E

Se é nacional doutro Estado membro da Unión Europea, ou ben de Islandia, Noruega, Suíza ou Liechtenstein, consigne un "X" nesta casa ................ 05

**● Datos do outro proxenitor ou adoptante**

| Núm. de identificación fiscal (NIF) | Primeiro apelido | Segundo apelido | Nome |
|---|---|---|---|
| 06 | 07 | 08 | 09 |

**En caso de estranxeiros:** Número de soporte que figura na parte superior dereita do Documento de Identificación de Estranxeiros expedido polo Ministerio do Interior (Permiso de Residencia ou Tarxeta de Estranxeiro en Réxime Comunitario) ....................... 61 E

Se é nacional doutro Estado membro da Unión Europea, ou ben de Islandia, Noruega, Suíza ou Liechtenstein, consigne un "X" nesta casa ................ 62

**● Teléfonos de contacto da/do solicitante**

Teléfono 1.º ............................ 10 Teléfono 2.º ............................ 11

**● Domicilio da/do solicitante**

15 Tipo de vía | 16 Nome da vía pública

17 Tipo de numeración | 18 Número de casa | 19 Cualificador do número | 20 Bloque | 21 Portal | 22 Escaleira | 23 Planta | 24 Porta

25 Datos complementarios do domicilio | 26 Localidade / Poboación (se é distinta do municipio)

27 Cód. Postal | 28 Municipio | 29 Provincia

## 2 Identificación dos nenos nacidos ou adoptados a partir do día 1 de xullo de 2007

| | Primeiro apelido | Segundo apelido | Nome | Adoptado (1) | Data do nacemento ou adopción |
|---|---|---|---|---|---|
| **Fillo 1º** | 35 | 36 | 37 | 38 | 39 |
| **Fillo 2º** | 35 | 36 | 37 | 38 | 39 |
| **Fillo 3º** | 35 | 36 | 37 | 38 | 39 |

(1) Consigne un "X" se o fillo o é por adopción.

## 3 Inscrición no rexistro dos fillos nacidos ou adoptados a partir do día 1 de xullo de 2007

| | Rexistro Civil de: | Provincia de: | Tomo | Páxina |
|---|---|---|---|---|
| **Fillo 1º** | 44 | 45 | 46 | 47 |
| **Fillo 2º** | 44 | 45 | 46 | 47 |
| **Fillo 3º** | 44 | 45 | 46 | 47 |

## 4 Conta bancaria para o aboamento do Pagamento Único

Consigne os datos completos da conta bancaria da que sexa Vde. titular e na que desexe recibir por transferencia o importe do Pagamento Único polo nacemento ou adopción dos fillos que máis arriba se identifican.

**Código conta cliente (CCC)**

| Entidade | Sucursal | DC | Número de conta |
|---|---|---|---|
| | | | |

## 5 Representante

| Núm. de identificación fiscal (NIF) | Apelidos e nome ou razón social |
|---|---|
| 50 | 51 |

## 6 Data e sinatura da solicitude

DECLARO que son certos os datos consignados no presente documento e AUTORIZO a Administración para que os meus datos de identificación e os das persoas relacionadas neste poidan ser consultados, cotexados e verificados, con garantía de confidencialidade no caso de acceso informatizado a estes datos.

Lugar e Data ______________________________

Sinatura da/do solicitante ou do seu representante:

**Exemplar para o interesado**

## ANEXO III

NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLOS E

RESPOSTA COMERCIAL
Autorización nº 11.612
B.O.C. do 19-5-92

NON
NECESIT
A SELO

FRANQUEO
EN DESTINO

**Imposto sobre a renda das persoas físicas**
Solicitude do aboamento anticipado das deducións por maternidade e por nacemento ou adopción

**Seguridade Social**
Solicitude da prestación económica de pagamento único por nacemento ou adopción de

GOBERNO
DE ESPAÑA

Axencia Tributaria

**Apartado FD Nº 30.000**

**DELEGACIÓN PROVINCIAL**